

tación de profesores mantendo as ratios de calidade e de profesor/alumno a que se comprometeu no expediente así como os requisitos relativos aos espazos.

Xustificados por parte do centro estranxeiro universitario adscrito á Universidade de Dublin, Centro de Estudos Superiores Universitarios de Galicia, *Cesuga, S.L.-University College Dublin*, os requisitos sinalados no parágrafo anterior e logo da inspección realizada para o efecto, esta consellería

DISPÓN:

Artigo 1º

Autorízasele o Centro de Estudos Superiores Universitarios de Galicia, *Cesuga, S.L.-University College Dublin*, domiciliado na rúa Feáns, nº 152, da Coruña, para que ao abeiro do Decreto 74/2004, do 25 de marzo, e de acordo co convenio de compromiso académico asinado polo devandito centro e a *University College Dublin, National University of Ireland, Dublin*, imparta desde o curso académico 2007-2008 na cidade da Coruña, e dentro dos locais establecidos para o efecto no domicilio do centro, o cuarto curso dos estudos correspondentes ao título de *Bachelor of Architecture*, conforme o sistema educativo vixente noutro país e que conduce á obtención de títulos superiores non homologados académicamente cos títulos universitarios do sistema educativo español.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2007.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

Orde do 22 de outubro de 2007 pola que se establecen as contías dos complementos retributivos autonómicos vinculados á excelencia curricular docente e investigadora e de xestión do persoal docente e investigador funcionario e contratado doutor das universidades públicas que compoñen o sistema universitario de Galicia.

A Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, establece nos seus artigos 55 e 69 que as comunidades autónomas poderán establecer retribucións adicionais vinculadas a méritos individuais docentes, investigadores e de xestión.

O Decreto 55/2004, do 4 de marzo, polo que se establecen as retribucións adicionais vinculadas a méritos individuais docentes, investigadores e de xestión do profesorado universitario, dispón no seu artigo 4, punto 3º, que os tramos de recoñecemento da excelencia curricular e investigadora serán fixados pola Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación, CGIACA, nun protocolo de avaliación, e procederase posteriormente a fixar a súa contía.

Pola súa parte o punto cuarto do mesmo artigo dispón que o complemento de recoñecemento polos cargos de xestión se establecerá unha vez que a CGIACA determine nun protocolo as valoracións e equiparacións, e procederase posteriormente a fixar a súa contía.

Por Orde do 16 de outubro de 2006, DOG nº 207, do 26 de outubro, publicouse o protocolo de avaliación elaborado pola CGIACA relativo aos criterios e méritos de valoración e aos procedementos para solicitar a valoración previa e asignación dos complementos de recoñecemento da excelencia curricular docente e investigadora, e de recoñecemento polos cargos de xestión, polo que procede que se determine a contía anual destes complementos retributivos adicionais.

Polo exposto, e en virtude do establecido no artigo 5 e na disposición derradeira primeira do citado Decreto 55/2004, esta consellería

DISPÓN:

Artigo único.-As contías anuais dos complementos retributivos autonómicos vinculados á excelencia curricular docente e investigadora e o de xestión quedan fixados nas seguintes contías:

1. O complemento de recoñecemento á excelencia curricular docente e investigadora será de catrocentos cincuenta euros anuais.
2. O complemento de recoñecemento polos cargos de xestión será de douscentos corenta euros anuais.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2007.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria